

Tede en conta o seguinte:

O exame vai ter preguntas de desenvolvemento escrito, podendo caer unha ou dúas preguntas da lista que vai a continuación. Ollo, a lista de momento non está completa! Só aparecen as preguntas da UD1. Recordade que o exame será da UD1 e a UD2. Engadirei as preguntas da UD2 máis adiante.

Agora ben, o anterior non quere dicir que non vaia haber exercicios prácticos que requiran coñecer outros aspectos que vimos na clase. Por exemplo: podería haber un exercicio de clasificar unha oración na súa correspondente disciplina filosófica (como fixemos na clase).

Lista de posibles preguntas unidade 1:

1. A filosofía como disciplina: explica as características fundamentais da filosofía como disciplina. (Páx. 15).
2. O saber precientífico: identifica e explica as características do mito. (Páx 16).
3. Explica en que consiste a imaxinación (expón tamén os diferentes tipos) e en que consiste a razón (expón tamén a diferenza entre razón teórica e razón práctica). (Páxina 17).
4. Paso do mito ao logos: expón a diferenza entre as características do mito e a explicación racional. (Páxina 18. A 19 non entra!!).
5. Filosofía, ciencia e relixión. Explica a relación entre filosofía e ciencia e a relación entre filosofía e relixión. (Páx. 26).
6. Expón a relación entre filosofía e arte. Expón a relación entre filosofía e actividade productiva. (Páx. 27).

Modelo de exame

1ª parte: preguntas de desenvolvemento escrito.

1.- A filosofía como disciplina: explica as características fundamentais da filosofía como disciplina. (2,5 puntos).

2.- Filosofía, ciencia e relixión. Explica a relación entre filosofía e ciencia e a relación entre filosofía e relixión. (2,5 puntos).

2ª parte: preguntas de desenvolvemento práctico.

3.- Clasifica as seguintes oracións nas disciplinas filosóficas correspondentes. Xustifica a resposta (2,5 puntos).

Metafísica Gnoseoloxía Lóxica Ética Filosofía política Estética

-.....
-.....
-.....
-.....

4.- Le o seguinte texto e responde as preguntas que se formulan abaixo (2,5 puntos).

.....
.....
.....
.....
.....
.....

1. Cal é a idea principal do texto ou tese?

2. Cales son as ideas secundarias?

3. Define e explica os termos sinalados en negriña.

4.

5.

n.